

Iván Costa Blanco (Mestre do obradoiro de Gaita e xurado do concurso)



Naceu en Moaña en 1971, onde aprendeu a tocar a gaita. Tivo diferentes mestres pero foi Nazario González (Moxenas) quen o iniciou no toque tradicional tanto “aberto” como “pechado”. Estudiu Ciencias da Educación na Universidade de Oviedo coa especialidade de educación musical e, na actualidade, é mestre de música no CEIP Seara de Moaña. Estudiu zanfona co mestre Anxo Pintos na Escola de Artes de Vigo e, en canto á percusión galega, se considera autodidacta.

Entre os anos 1990 e 2002 participou en numeros certames de gaiteros chegando a gañar a maioría deles. A destacar: Premio Mac Allan (Francia 1991, 1º premio), Premio Constantino Bellón (Ferrol 1991 e 1999, 1º premio), Concurso de Soutelo de Montes (2000, 1º premio), Concurso Ricardo Portela (2002, 1º premio), Concurso de A Estrada (1998, 1º premio), Concurso de Pontearreas (1992, 1º premio)...

Tanto coa gaita coma coa zanfona ten participado en numerosas agrupacións ou espectáculos e ten colaborado en varias producións: Orquesta Nacional de Escocia, Banda sonora de “As viaxeiras da Lúa” de TVG, “Galicia e as Cantigas de Santa María” por Antoni Rossell, Antón o mexillón (xogo interactivo), Berrogüetto (espectáculo 10.0)

Debemos destacar tamén a súa faceta como compositor de música para gaita, con pezas que están no repertorio dos mellores gaiteiros de Galicia, e que son utilizadas habitualmente para participar en concursos de gaiteiros, ou mesmo que foron gravadas por outros grupos do mundo do folc: Soig Siberil, Quempallou, Cristina Pato...

Ademais, algunha das obras de Iván Costa están no repertorio oficial do Conservatorio Profesional de Música de Vigo, na especialidade de gaita. E outras pezas pódense atopar nos libros “Doce polainas enteiras” (Edicións do cumio, 1998) e “De pano sedán” (Edicións do cumio, 2003). Existe tamén, unha recompilación da súa obra na colección “Cadernos de gaita”

onde o caderno nº 13 co nome de "Tocatas varias" corresponde á obra completa para gaita deste autor (Editorial Dos Acordes)

En 2006 édítase o seu primeiro CD en solitario co nome de "Ávrego" (Edicións do cumio), un traballo que aporta melodías tradicionais e mais composicións propias no que o autor é ao tempo intérprete de tódolos instrumentos que soan no disco.

Tamén podemos atopar gravacións deste músico moañés nos discos: Fin de siglo (1990), Constantino Bellón (varios), Mestres da gaita (1997), Violía (1998), Doce Polainas enteiras (1998), De pano sedán (2003), Fiandola "Bricania" (2004), Sondeseu "Mar de Vigo" (2004), Sondeseu "Trastempo" (2007), Xabier Díaz "Coplas para Icía" (2007), Ghaita de pedra "Nekiño".

Actualmente é membro dos grupos "Orquestra folk SonDeSeu"

Francisco Estevez (Chuco) (Mestre obradoiro de percusión e xurado concurso)



Iniciou a carreira de percusión tradicional, da man de D. Enrique Otero Covelo (mestre de gaita no Conservatorio Superior de Vigo) como integrante na formación "Amieiros do Lagares" (Vilar – Lavadores) anos 80. Participa tamén na Banda de Gaitas Raigames (1981) dirixida polo mesmo mestre, facendo esta de lugar de encontro con outros músicos cos que mais tarde cofunda o "Colectivo Paseniño" (1982) realizando o primeiro rexistro sonoro en colaboración co contacontos "O Xestal" (Dial Discos, S.A. 1988). É colaborador do gaiteiro "Ricardo Portela" ó que acompaña en diversas actuacións e tamén na gravación do disco "Alborada en Cotovade" (Edigal. 1990) derradeiro traballo do mestre. Forma parte dende o 1997 do grupo "Chouteira" co que grava o CD "Ghuaue" (1998) e "Folla de lata" (2001). Realizou a través da súa carreira diferentes colaboracións ocasionais con grupos como Noitarega, Muxicas, Mattocongrio, ... Foi mestre do Conservatorio de Música Tradicional e Folque de Lalín no que ademais de impartir clases ten realizado diversos cursos de distintos estilos de percusión da man de mestres coma Eliseo Parra (percusións tradicionais da Península Ibérica), Dominic Molard (Tabla India), Marcos Teira (Palos flamencos), Xurxo A. Toncoso (Percusión brasileira), Pedro Estevan (percusión manual e Música antiga). Na actualidade imparte clases de percusión tradicional na Escola Municipal de Música Folk e Tradicional de Vigo e-Trad

Ramón Vazquez Acha (O Chilro) (Xurado do concurso)



Fundador do grupo “Os Faiscas de Solobeira”, artesán de instrumentos musicais tradicionais galegos, compoñente do grupo Treixadura dende os seus inicios ata o ano 97 e membro do Orfeon Treixadura do 2003 ao 2008.

Foi mestre de gaita de diferentes asociacións culturais da comarca do salnés nas décadas dos 80 e 90. Compaxina a súa actividade artesán coa actividade no grupo “Os Faiscas de Solobeira”